



Deputación Provincial da Coruña
www.dicoruna.es

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958

BOP

BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

MIÉRCOLES, 18 DE ABRIL DE 2012 | BOP NÚMERO 73

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Servizos Sociais

Aprobación definitiva da modificación dos artigos 11.a) e 12 da Ordenanza municipal de emerxencia social

ANUNCIO

O Pleno do Excmo. Concello da Coruña, en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2012, acordou aprobar definitivamente a modificación dos artigos 11.a) e 12 da Ordenanza municipal de emerxencia social, que quedarán redactados na seguinte forma:

“Artigo 11.a. Indicador económico. O seu cumprimento será requisito de acceso ás axudas reguladas nesta ordenanza. Nel valorarase a capacidade económica da unidade de convivencia, definindo esta como a suma dos ingresos da unidade familiar dividida polo número de membros da devandita unidade, despois de reducir o importe da hipoteca ou aluguer de vivenda, ata un máximo do 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). A devandita capacidade económica da persoa beneficiaria da axuda non poderá ser superior ao importe anual do IPREM que se fixe cada ano.

Así pois, o cálculo efectuarase conforme á seguinte fórmula:

$$IE = (I - EV)/N \quad IE \leq IPREM$$

Onde:

I = Indicador económico

I = Ingresos netos da unidade familiar

EV = Esforzo mensual en vivenda (hipoteca ou aluguer)

N = Número de membros da unidade familiar”

“Artigo 12.-Contía da axuda. As contías máximas das axudas serán as seguintes:

a) En concepto de subsistencia (art. 5-a) desta Ordenanza): ata o importe dunha mensualidade do IPREM, un máximo de tres veces nun período de doce meses.

b) Por calquera outro concepto: ata un máximo anual do 300% do IPREM mensual”

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, a 2 de abril de 2012.

Concelleiro delegado de Servizos Sociais

Fdo. Miguel Lorenzo Torres

2012/4357